



CIRCULAR 11-2020.

II CAMPIONATO DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS MIXTO POR RELEVOS.

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organizara o vindeiro domingo día 26 de xaneiro do 2020 o II Campionato de Galicia de Campo a Través Mixto por relevos a celebrar en A Rúa.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- 2.1.- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual por algún Club pertencente a Galicia.
- 2.2.- Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertenzan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
- 2.3.- Atletas non galegos/as convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3).- O relevo mixto compoñerase de 2 homes e 2 mulleres; atletas Sub20 ou superiores, máximo 1 atleta estranxeiro, máximo 1 atleta do club filial. A orde de participación será muller, home, muller e home. Cada corredor/a dará unha volta (aproximadamente 1.500m) ata completar o equipo un total 4 voltas.

Art.4).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, por acordo da Asemblea Xeral do 28 de decembro do 2019, a partir do 1 de xaneiro do 2020, existirá unha cota de inscrición de 3 Euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

Art.5).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o martes 21 de xaneiro ás 20:00 horas. Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible de repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

Art.6).- A orde de colocación dos equipos respectivos na saída establecerase por sorteo.

Art.7).- Horario

CAMPIONATO DE GALICIA DE CAMPO A TRAVES RELEVOS MIXTOS			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
13:45	Sub 20 e superiores	Homes/Mulleres	6.000 m. aprox



Art.8).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. A apertura será 25 minutos antes e pechará 15 minutos antes da saída de cada proba, (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos/as atletas inscritos/as). Os/as atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición.

Art.9).- Entregaranse trofeos ós/as tres primeiros/as equipos clasificados en cada unha das categorías.

Art.10).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarase as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 14 de xaneiro de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo